“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 29634, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 324, do 21 de xuño de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:22
Nº Rexistro: 34540
Data envío: 10/08/2018 13:22:25.099

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:22:21

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30224**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“o calendario da Xunta de Galicia para a execución dos proxectos correspondentes aos tramos pendentes da Vía de alta capacidade Tui-A Guarda, a existencia de proxectos consensuados para os tramos comprendidos entre o enlace de Areas e Goián, así como de dispoñibilidade orzamentaria para o desenvolvemento dos tramos restantes, as razóns da paralización da súa construción e o prazo previsto para o seu reinicio”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Para a continuación da execución da VAC Tui - A Guarda pódense distinguir dous treitos.

O primeiro deles, o treito I: enlace A-55 - enlace de Areas (puntos quilométricos 0+000 - 0+630) está en fase de redacción.

En canto ao treito II: reformulación do treito PO-350 – Goián, o 1 de marzo de 2018 formalizouse o contrato de servizo para a redacción do proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental por importe de 181.125,75 € (IVE incluído). Esta solución semella a máis vantaxosa, pero resulta necesario culminar o correspondente procedemento con todas as garantías de transparencia e participación pública. Neste caso e dado o sensible que é a actuación para a zona, a prioridade debe ser aprobar un trazado con consenso social e a conformidade das distintas administracións. Acadado este obxectivo, o desenvolvemento da actuación será relativamente sinxelo.

Completar o eixo Tui – A Guarda constitúe unha das prioridades da Administración autonómica, se ben o calendario para o desenvolvemento dos tramos restantes vén condicionado pola tramitación administrativa que é necesario levar a cabo para facer viable a actuación, así como para acadar unha mellor solución ambiental e unha mellor adaptación ao territorio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34348
Data envío: 06/08/2018 14:36:00.791

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:35:57

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30992**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“as razóns do Goberno galego para non aprobar as Directrices de Paisaxe no prazo comprometido e a súa valoración respecto da realización de proxectos de parques eólicos antes da súa aprobación”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 11 de xullo de 2018 pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio -ao darlle resposta á pregunta 30993 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:21
Nº Rexistro: 34536
Data envío: 10/08/2018 13:21:24.738

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:21:21

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31173**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento e a opinión do Goberno galego respecto do Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude da autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos ubicadas en Teo (A Coruña) presentado polo Grupo Toysal, así como o seu impacto ambiental e social”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento – na sesión plenaria do 11 de xullo de 2018 pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio - ao darlle resposta á pregunta 31322 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:21
Nº Rexistro: 34533
Data envío: 10/08/2018 13:21:01.488

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:20:58

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31313**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do impacto medio ambiental que está a ter no lugar de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros, a carencia de estación depuradora de augas residuais, os datos referidos á tramitación do proxecto de construción dunha nova EDAR para ese lugar e as súas previsións en relación coa dotación dunha partida orzamentaria específica para a depuración dese concello”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento – na sesión plenaria do 11 de xullo de 2018 por/pola conselleiro/a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio- ao darlle resposta á pregunta 31312 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:20
Nº Rexistro: 34532
Data envío: 10/08/2018 13:20:53.613

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:20:36

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31584**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda da retirada ou modificación do proxecto de construción da senda peonil e ciclista na estrada OU-402, treito Reza, punto quilométrico 1+090 - 3+780, correspondente á clave OU/16/270.06”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza, entre os puntos quilométricos 1+090 - 3+780, aínda non está rematado nin aprobado. Nestes momentos, a Axencia Galega de Infraestruturas está a avaliar todas as alegacións recibidas no trámite de información pública, de maneira que se incorporen ao proxecto, de ser o caso, aquelas que finalmente se consideren axeitadas para resolver posibles omisións nos bens e dereitos afectados, mellorar aspectos da seguridade viaria e/ou técnicos, atender posibles necesidades descoñecidas ou non detectadas, se encaixan co obxecto do proxecto e o seu eido de actuación.

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, en resposta a unha pregunta parlamentaria, formulada no marco da Comisión 2ª o pasado 30 de maio de 2018, xa adiantou que a senda que a Xunta vai construír en Reza, se definirá no proxecto tras incorporar as alegacións, como de uso peonil, co obxectivo de facilitarlles aos veciños os desprazamentos a pé en condicións de seguridade e sostibilidade. Insistiu, ademais, en que o principal obxectivo desta senda é ofrecer unha mobilidade sostible aos veciños, xa que a dos ciclistas “de paseo” queda atendida a través do itinerario das Ninfas, máis próximo ao río Miño; e os ciclistas deportivos transitarán pola calzada, xa que a súa velocidade é máis similar á dos vehículos que á dos peóns. Polo tanto, a finalidade que persegue a dita actuación é crear un camiño seguro para peóns.

Desde a Xunta de Galicia considérase que esta actuación na OU-402, treito Reza, resulta moi necesaria para incrementar a seguridade viaria xa que, nestes momentos, é necesario reforzar a seguridade para os peóns no seu tránsito pola estrada. Por esta razón, está previsto concretar o proxecto final ao longo dos próximos meses, cunha proposta que permita o consenso cos colectivos veciñais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34182
Data envío: 01/08/2018 15:23:03.940

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2018 15:23:00

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31724**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a fase na que se atopa o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga, no concello de Teo, a opinión do Goberno galego respecto do seu impacto e a suficiencia das tecnoloxías punteiras reflectidas no proxecto, así como as súas intencións referidas á existencia dun plan de restauración detallado e a posición que vai adoptar ao respecto”**, (publicada no BOPG número 316 do 4de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada na sesión do Pleno celebrada o pasado 11 de xullo de 2018, pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en resposta á iniciativa con número de rexistro 31723 e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:19
Nº Rexistro: 34527
Data envío: 10/08/2018 13:19:59.221

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:19:56

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32809**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego do proxecto do Grupo Toysal para a instalación dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga, no concello de Teo, a súa opinión en relación co desenvolvemento deste tipo de proxectos en solos rústicos e/ou solos situados preto de zonas residenciais e as súas previsións respecto da introdución dalgunha modificación ao respecto”**, (publicada no BOPG número 331 do 4de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada na sesión do Pleno celebrada o pasado 11 de xullo de 2018, pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en resposta á iniciativa con número de rexistro 31723 e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:18
Nº Rexistro: 34521
Data envío: 10/08/2018 13:18:38.469

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:18:18

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22237**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que realiza o Goberno galego do in vestimento en Galicia contemplado no proxecto de orzamentos do Estado para 2017, os traballos e conclusións da comisión de seguimento dos orzamentos do Estado e a estratexia negociadora a seguir co Goberno central”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta á interpelación número 22234, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da sesión plenaria celebrada o 6 e 7 de febreiro de 2018, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34173
Data envío: 01/08/2018 15:19:53.562

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/08/2018 15:19:50



AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27485**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“o contido do Plan especial de control da Axencia Tributaria de Galicia, o grao de cumprimento dos seus obxectivos para o ano 2017 e os medios persoais e materiais empregados para a súa consecución, así como os que se pretenden acadar para o ano 2018”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 5 de xullo compareceu a Directora da ATRIGA na Comisión 3ª para dar conta ante o Parlamento da actividade desenvolvida pola Axencia Tributaria de Galicia durante o ano 2017.

Nesta comparecencia (32852) explicou que durante o ano 2017 levouse a cabo na ATRIGA un plan especial de loita contra a fraude fiscal, centrado, fundamentalmente, no Imposto de Sucesións e Doazóns (ISD) e tamén no Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD) e no Imposto do Patrimonio (IP). A débeda detectada que se prevía obter con dito Plan era de 20 millóns de euros, sen embargo a súa execución permitiu detectar 32,2 millóns, un 61% máis”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: a3103b28-1213-8b44-b659-c44b0c3308a3

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:25
Nº Rexistro: 34563
Data envío: 10/08/2018 13:25:31.368

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:25:28



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28140**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego da cuantía das pensións non contributivas e as actuacións previstas para mellorar a situación dos perceptores e perceptoras”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A dotación orzamentaria da que dispón a Consellería de Política Social para a partida que permite facer fronte ao pagamento de axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos, permite dar cobertura á totalidade dos perceptores das prestacións mencionadas.

Trátase dunha axuda que se ven concedendo dende 2008 de xeito ininterrompido

Ano	Importe axuda
2008	200 euros
2009	200 euros
2010	206 euros
2011	206 euros
2012	206 euros
2013	206 euros
2014	206 euros
2015	206 euros
2016	206 euros
2017	206 euros

Galicia é unha das CCAA que mantén un complemento destas características, que se aboa de xeito totalmente voluntario.

O pagamento realízase de oficio, unha vez que a Xunta comprobe na súa base de datos que os posibles beneficiarios cumpren coas condicións. Polo tanto, non é preciso presentar solicitude, co que nos aseguramos de chegar a todos os beneficiarios.

Esta iniciativa inscríbese na decidida aposta desta Administración por apoiar ao colectivo en risco de exclusión. Neste senso, conta con múltiples medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, que a efectos de planificación estratéxica se encadran na Estratexia Social de Inclusión de Galicia 2014-2020, aprobada en decembro de 2014 polo Consello de goberno da Xunta de Galicia, que establece as prioridades no ámbito da inclusión social para o período 2014-2020.

Así mesmo, dende xuño de 2016 vense desenvolvendo a Axenda Social de Galicia, que constitúe o marco xeral de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema Galego de Servizos Sociais – Xunta de Galicia e entidades locais-, e igualmente en colaboración coas entidades de iniciativa social, co obxectivo de coordinar esforzos e ofertar novos e mellores recursos para atender nos niveis máis próximos á cidadanía que se atopa en situación ou risco de pobreza e/ou exclusión.

A Axenda comprende medidas de diferentes áreas, como as de apoio á renda, de abordaxe da pobreza enerxética e infantil, de atención á inclusión residencial, de promoción de programas e proxectos de inclusión social, ou de atención á dependencia, así como o financiamento de programas e proxectos de inclusión social desenvolvidos por corporacións locais e entidades de iniciativa social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:24
Nº Rexistro: 34556
Data envío: 10/08/2018 13:24:32.570

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:24:29



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28604**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a incidencia na débeda da comunidade autónoma das modificacións de crédito por importe de 57.665.343,74 euros para produtos farmacéuticos e material sanitario e de 975.067,26 euros para cotas sociais de Seguridade Social do Sergas, correspondentes ao mes de decembro de 2017”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Con respecto ás modificacións de crédito correspondentes ao exercicio 2017, indicamos que ante a imposibilidade de financiar con recursos propios do Servizo Galego de Saúde, a necesidade de dotar o crédito nas aplicacións orzamentarias correspondentes para atender o gasto farmacéutico, tanto hospitalario (33.045.343,74€), como o derivado da prescrición de receitas médicas (24.620.000€), optouse polo financiamento mediante o endebedamento dentro dos límites autorizados e con estrito cumprimento da legalidade vixente. O financiamento por importe de 975.067,26 € vai destinado a cotas da Seguridade Social

Na memoria explicativa das citadas modificacións arguméntase a utilización deste endebedamento no incremento do obxectivo do déficit nun 0,1% por enriba do fixado inicialmente. Estas modificacións permitiron seguir prestando unha asistencia sanitaria de calidade ao tempo que se pagaba en prazo tanto aos subministradores de produtos farmacéuticos hospitalarios como ás farmacias que subministran os medicamentos a través das receitas médicas.

En canto a débeda da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os datos oficiais do Banco de España, Galicia logrou en 2017 baixar o seu endebedamento público por primeira vez nos últimos dez anos, ao reducir a ratio de débeda/PIB ata o 18,4%, dúas décimas menos que no peche do exercicio anterior. Isto supón que Galicia volve cumprir un ano máis

CVE-PREPAR: f42723d5-66b7-6fe1-fa05-77beed26d777

o límite máximo de débeda, ao tempo que mantén un endebedamento 6,4 puntos inferior á media autonómica.

Estes datos ratifican que Galicia continúa entre as comunidades autónomas de referencia no control do seu endebedamento, froito da xestión rigorosa e do control da estabilidade orzamentaria que vén realizando a Xunta. De feito, Galicia acabou o ano como a quinta comunidade con menor ratio de débeda/PIB, a terceira de réxime común e continua sendo a Comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda desde o ano 2009”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:23
Nº Rexistro: 34548
Data envío: 10/08/2018 13:23:29.662

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:23:26



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16631**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario referido á creación dunha conta bancaria de servizos mínimos esenciais, o acollemento que tivo esta iniciativa nas entidades bancarias con actividade en Galicia e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 182 do 27 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia dou traslado do acordo parlamentario aprobado na Comisión 3ª do 9 de xuño de 2017 á Secretaría General del Tesoro y Política Financiera do Ministerio de Economía, Industria y Competitividad e así mesmo dirixiuse a tódalas entidades bancarias con actividade en Galicia dándolle traslado do acordo parlamentario.

O Goberno central aprobou en novembro pasado o “Real Decreto-Ley 19/2017, de 24 de novembro, de cuentas de pago y comparabilidad de comisiones” polo que regula as contas de pago básicas, incorporando ao ordenamento español o previsto na Directiva 204/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de xullo de 2014, sobre a comparabilidade das comisións conexas ás contas de pago, o traslado de contas de pago e o acceso a contas de pago básicas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:29
Nº Rexistro: 34590
Data envío: 10/08/2018 13:29:20.247

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:29:17



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23250**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación co cumprimento do acordo parlamentario referido á inclusión na oferta educativa do bacharelato da Historia da Filosofía como materia troncal, así como a realización polo Goberno galego dalgunha xestión diante do Ministerio de Educación para propiciar un debate, no marco do Pacto educativo, en relación coa situación da filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa supervivencia”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POP 23502 na pleno do 6.2.2018, á que nos remitimos, pode consultarse no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-02-07?part=db124ff5-dddb-458d-b55a-aaa5d49504ec&start=3436>

No que compete a Consellería de Educación, traballamos de acordo coas competencias e as posibilidades que existen ante a obriga de cumprir o previsto na LOMCE, lei orgánica que está en vigor na actualidade.

Así, entendemos que a natureza das materias fixadas pola lei orgánica de educación en vigor —é dicir, a condición de troncal— non se pode modificar a través dun decreto. Non se pode nin por parte do Estado nin por parte dunha Comunidade Autónoma.

CVE-PREPAR: e984e292-40c2-2686-8cd0-3ac165bfb7e0

O que se pode facer é unha adaptación normativa que xa levamos a cabo respecto da organización polos centros da oferta de itinerarios coas materias de troncais de opción e específicas.

Polo tanto, a materia Filosofía que se imparte en 1ª de bacharelato continúa a ser troncal obligatoria con 3 horas, e a materia de Historia da Filosofía seguirá a impartirse en 2º de bacharelato como troncal de opción, xa que non podemos cambiar a súa natureza mentres non se modifique a LOMCE.

Con todo, e en cumprimento do acordo parlamentario, establecemos en Galicia que todo o alumnado a curse de xeito obrigatorio a través dos itinerarios que organicen os centros, sendo na práctica unha obligatoria (4 horas) para o alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.

Ao mesmo tempo, queda establecido tamén que todos os alumnos e as alumnas podan escoller esta materia de 2º de bacharelato como específica, activando que todos os centros educativos a oferten obrigatoriamente para as outras modalidades de Bacharelato”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34371
Data envío: 06/08/2018 14:39:42.248

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:39:38



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23501**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“as actuacións da Xunta de Galicia encamiñadas a incluír na oferta educativa do bacharelato a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como materia troncal, segundo o acordo adoptado polo Pleno do Parlamento do 18 de outubro de 2017”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POP 23502 na pleno do 6.2.2018, á que nos remitimos, pode consultarse no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-02-07?part=db124ff5-dddb-458d-b55a-aaa5d49504ec&start=3436>

No que compete a Consellería de Educación, traballamos de acordo coas competencias e as posibilidades que existen ante a obriga de cumprir o previsto na LOMCE, lei orgánica que está en vigor na actualidade.

Así, entendemos que a natureza das materias fixadas pola lei orgánica de educación en vigor —é dicir, a condición de troncal- non se pode modificar a través dun decreto. Non se pode nin por parte do Estado nin por parte dunha Comunidade Autónoma.

O que se pode facer é unha adaptación normativa que xa levamos a cabo respecto da organización polos centros da oferta de itinerarios coas materias de troncais de opción e específicas.

Polo tanto, a materia Filosofía que se imparte en 1ª de bacharelato continúa a ser troncal obrigatoria con 3 horas, e a materia de Historia da Filosofía seguirá a impartirse en 2º de bacharelato como troncal de opción, xa que non podemos cambiar a súa natureza mentres non se modifique a LOMCE.

Con todo, e en cumprimento do acordo parlamentario, establecemos en Galicia que todo o alumnado a curse de xeito obrigatorio a través dos itinerarios que organicen os centros, sendo na práctica unha obrigatoria (4 horas) para o alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.

Ao mesmo tempo, queda establecido tamén que todos os alumnos e as alumnas podan escoller esta materia de 2º de bacharelato como específica, activando que todos os centros educativos a oferten obrigatoriedade para as outras modalidades de Bacharelato”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34370
Data envío: 06/08/2018 14:39:34.342

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:39:30



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23826**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Quiroga Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgún estudo respecto do estado de conservación do túnel romano de Montefurado, situado no concello de Quiroga e/ou as actuacións previstas para a súa preservación”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POC 23047 na comisión 4ª do 8.2.2018, á que nos remitimos, e pódese consultar no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-02-08?part=1493eb0d-40f7-4128-8b15-e2f087f3a099&start=1379>

O deterioro do Túnel de Montefurado é consecuencia dun proceso natural despois de forzar durante case 2000 anos ao río Sil a continuar o seu descenso por unha canle artificial que atravesa a montaña a través da galería do túnel.

Trátase dun fenómeno natural sen obra humana que carece de alicerces, muros ou canterías que reforzar, repoñer ou reconstruír.

Temos un atractivo paisaxístico e natural que se xunta ao interese e valor cultural, que xustificou no seu momento a protección do ben como un ben integrante do patrimonio cultural de Galicia, coa categoría de ben inventariado (ben catalogado na denominación da actual Lei 5/2016) e como un ben incluído no Inventario de xacementos arqueolóxicos de Galicia.

CVE-PREPAR: 9324af83-1f05-87d7-0e11-110b07d17011

Recentemente, e xustamente por ese interese que existe da súa posta en valor e preservación, vimos de aumentar este nivel de protección, ao considerar que polo seu valor sobranceiro, o Túnel de Montefurado debe ser considerado ben de interese cultural ao incorporalo ao decreto de incoación da Ribeira Sacra como paisaxe cultural declarada.

O obxectivo de Patrimonio é tentar atallar o deterioro, ou cando menos ralentizalo e minimizar os danos que se poidan ocasionar.

Os estudos postos en marcha están dirixidos a establecer unha diagnose completa do estado de conservación así coma ao deseño das medidas de actuación viables, sostíbles e coherentes coa salvagarda de todos os valores presentes, os culturais e os naturais:

- Recompilación de documentación previa existente.
- Caracterización completa do macizo rochoso.
- Análise mineralóxico e de precipitados.
- Estimación dos caudais de referencia.
- Inspección e rexistro dos fondos da galería.
- Actuacións e obras, de seren necesarias.

Así mesmo e pola especial singularidade e especificidade, solicitamos ao Instituto Xeolóxico Mineiro de España unha avaliación do túnel e unha proposta de estudo dirixido á coñecer o seu estado de conservación actual e no seu caso, detectar os factores de risco.

A situación actual, sen deixar de ser preocupante pola súa relación directa con un proceso natural difícil de atallar, non deixa de permitir a lectura íntegra dos valores culturais e naturais presentes.

Os valores do ben cultural do túnel de Montefurado, están presentes, son auténticos e se conservan de forma íntegra, e non se ven afectados neste momento polo estado de conservación do Túnel.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:28
Nº Rexistro: 34581
Data envío: 10/08/2018 13:28:06.949

[Firma manuscrita]

Isto non impide que no futuro, cos estudos proxectados citados para este 2018 nos que se está a traballar de acordo co plan de xestión do ben de interese cultural e do ben do patrimonio mundial, continúese ca mellora das condicións de conservación e posta en valor deste ben”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 9324af83-1f05-87d7-0e11-110b07d17011

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:28
Nº Rexistro: 34581
Data envío: 10/08/2018 13:28:06.949

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:28:03



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **24018**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ao traslado desde Bos Aires a Galicia do cadro de Castelao ‘A derradeira leición do mestre’ para a súa exhibición no museo da Cidade da Cultura”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POP 24019 na sesión plenaria do 22-23.5.2018, á que nos remitimos, pode consultarse no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-05-23?part=b5ff742b-47b9-4515-9ca0-54dbb20f8c5f&start=6038>

O obxectivo do traslado xorde a través dun acordo co Centro Galicia de Buenos Aires, que posibilitará a exhibición, por vez primeira en Galicia, da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ‘A derradeira leición do mestre’.

Será a peza principal dunha mostra única na Cidade da Cultura de Galicia que levará por nome ‘Castelao Maxistral’, sendo o comisionado da mesma Miguel Anxo Seixas, vicepresidente da Fundación Castelao e estudoso da vida e a obra do intelectual e artista de Rianxo.

É unha oportunidade de que miles de galegos poidan acercarse a esta obra maiúscula, que ten unha forza visual que impresiona pola súa magnitude, tanto física como simbólica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 273d0ee8-c9f8-8f59-b8c0-bee8017aa338

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34367
Data envío: 06/08/2018 14:39:12.138

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:39:08



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25324**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o protocolo que está a aplicar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en situacións de alerta meteorolóxica por neve e xeadas para determinar o mantemento ou suspensión da actividade dos centros de ensino”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Existe un Protocolo interno de actuación ante fenómenos meteorolóxicos adversos, posto en coñecemento do Consello da Xunta de Galicia o 10/02/2011.

En cumprimento deste protocolo, a decisión de suspender a actividade docente ou o transporte escolar pode adoptarse cando existe unha declaración de alerta laranxa, é dicir, cando existe un risco meteorolóxico importante.

Non obstante, tal decisión adoptarase necesariamente cando o risco meteorolóxico sexa extremo (a alerta acada o nivel vermello), para fenómenos non habituais e de intensidade excepcional.

En termos xerais, considérase que o máis correcto e o que permite articular a resposta máis adaptada á situación concreta de cada localidade de Galicia é que a Comisión de Alertas tome as decisións nas condicións que están previstas no protocolo, para seguidamente comunicarlles ás direccións dos centros e ás empresas transportistas a súa obriga de continuar observando a evolución da información meteorolóxica, ante a posibilidade de que tal información mude sensiblemente nas horas posteriores á adopción das decisións da Comisión de Alertas.

CVE-PREPAR: 8e0dc203-12c2-0447-6186-bc0782ceebb1

O seguimento da evolución permite identificar así se as condicións nas que se atopan as vías por mor do fenómeno adverso non supoñen un risco para o centro, senón tan só no acceso a este por parte do alumnado. Neste caso poderase suspender o servizo de transporte escolar tamén.

De forma análoga, cando a información dispoñible sinala que a evolución do fenómeno meteorolóxico adverso poida supoñer un risco superior ao declarado na localidade onde radica o centro, as direccións deberán adoptar decisións de suspensión da actividade docente, mesmo incluíndo as decisións oportunas para as actividades que se desenvolvan no exterior do centro escolar ou sobre as actividades extraescolares”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34364
Data envío: 06/08/2018 14:38:50.044

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:38:47



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25866**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a organización do arquivo municipal de Vedra”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O día 6 de maio de 2016, o concello de Vedra presenta no rexistro xeral da Xunta de Galicia unha solicitude de axuda para actuacións en materia de arquivos, procedemento CT130A.

A solicitude entra en prazo, está correctamente cumprimentada e xunta os documentos requiridos: unha memoria explicativa do proxecto de organización e descrición de fondos documentais do arquivo municipal de Vedra segundo os criterios técnicos de arquivos, que inclúe o orzamento total do proxecto e a porcentaxe de financiamento do proxecto da institución solicitante.

O proxecto solicitado, destinado á organización de fondos documentais do arquivo municipal por unha contía total de 7.500€, dos que o concello de Vedra autofinancia o 33%, polo que a axuda solicitada é de 5.000€.

No punto 6 da memoria presentada faise referencia aos requisitos do persoal técnico que o concello contratará para a súa execución, en cumprimento do artigo 2 da orde de convocatoria (orde do 10 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede a súa convocatoria para o ano 2016):

‘para a realización deste proxecto contarase coa contratación dun licenciado/a universitario/a ou equivalente segundo o espazo europeo de educación superior e que acreditará formación e experiencia profesional en materia de arquivos e patrimonio documental’.

Nin a solicitude nin a memoria levan incorporadas proposta nominativa do responsable do proxecto de organización.

En canto á adecuación da subvención da cantidade á carga de traballo. Neste caso a axuda que recibiu foi a máxima, 5.000€. Si hai variacións debe haber minoración.

Segundo o artigo 12.1 da orde de subvención , ‘...en caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción’.

O concello de Vedra xustificou a totalidade do proxecto, dentro do prazo, polo que non deu lugar a minoración.

Presentáronse outros dous orzamentos, por un importe lixeiramente superior á adxudicataria.

A adxudicataria, con experiencia en organización de arquivos, foi probada a través de contratos con outras empresas e mesmo coa propia Xunta de Galicia na etapa do goberno bipartito, polo que ter un coñecemento e experiencia avanzada na organización de arquivos e nos documentos dos arquivos municipais facilita e asegura a viabilidade e boa execución do proxecto.

En calquera caso, o traballo está ben feito e xustificado correctamente. En total entregouse una base de datos con 12.569 rexistros, dos que 5.958 foron volcados da anterior base de datos e incorporáronse 6.611 novos rexistros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34363
Data envío: 06/08/2018 14:38:42.278

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:38:39



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **26872**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación actual do Castelo de Monterrei, as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a protección e valorización patrimonial da calzada de acceso e as catas arqueolóxicas levadas a cabo nesa localización, así como a data estimada para a apertura do parador, a avaliación do grao de cumprimento das condicións da cesión e a idoneidade do seu mantemento”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POP 26873 na sesión plenaria do 10-11.4.2018, á que nos remitimos, e pode consultarse no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2018-04-11?part=b7b07de1-ee0a-4b4a-9714-6b7cf59ba840&start=3127>

O proxecto contratado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural consta da escavación arqueolóxica e os traballos de recuperación, conservación e posta en valor do pavimento orixinal.

Executar esta obra, exhumar e deixar á vista o pavimento para a súa reparación, trouxo como consecuencia a necesidade temporal dun acceso rodado alternativo que permite o desenvolvemento das obras e da actividade do recinto.

O 5 de outubro de 2017 iniciouse a execución da obra. Os técnicos de Patrimonio estiveron en contacto con representantes do concello e coordinouse cos responsables do parador nacional de turismo o proceso de execución da obra durante o peche programado da infraestrutura

hoteleira, previo á programación da obra, co cal houbo unha adaptación da obra de recuperación da calzada ao peche programado con anterioridade do Parador por razóns da propia empresa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34360
Data envío: 06/08/2018 14:37:48.309

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:37:44



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27324**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria referida á suficiencia do compromiso orzamentario do Goberno galego para actividades de impulso das vocacións nas áreas STEM, ou de ciencias, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas, a súa valoración en relación coa participación dos centros educativos, así como do alumnado nas levadas a cabo nese eido e, se é o caso, as medidas previstas para o seu incremento e a redución da fenda de xénero existente nesas áreas”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O esforzo xeral da consellería en termos de fomento das competencias STEM, das vocacións científico-tecnolóxico-matemáticas e da redución da fenda de xénero neste eido, así como a perspectiva de inclusión e equidade plena no ámbito TIC e dixital é, sen lugar a dúbidas, unha das máis significativas do Estado.

O firme compromiso da Xunta de Galicia co fomento da competencia e as vocacións STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) visualízase a través do programa Edudixital 2020 como medida sen precedentes en todo o Estado español afectando á totalidade da comunidade educativa.

Dentro deste programa Edudixital 2020 encontramos a liña Edixgal, que supón que o alumnado de 5º de EP a 2º de ESO dos centros participantes estuden 100% en dixital, sen libros de texto en formato físico.

Tamén a implantación de materias de libre configuración autonómica como Programación, Robótica ou Identidade Dixital, esta última pioneira en España.

Contamos con dotación a todos os centros de secundaria de kits de impresión 3D, robótica educativa avanzada, microcontroladores tipo Arduino e computación maker como Raspberry Pi.

Tamén así en 120 centros de educación primaria, que van verse duplicados este ano con kits de introdución á robótica.

Convocatoria da SemanaSTEM que permite ao alumnado de 5º de EP a 2º de ESO a participación do alumnado nun campamento dunha semana de duración, realizando proxectos de ciencia e tecnoloxía. A redución da fenda de xénero é unha prioridade polo que os centros que propoñan a participación dunha porcentaxe maior de nenas suman ata 10 puntos no baremo.

Convocatoria do STEM Week, coa mesma filosofía de traballo que a anterior pero para alumnado de 3º e 4º de ESO e cunha carga de traballo importante en inglés, coa mesma ponderación positiva da participación feminina.

Fomento dos clubs de ciencia, nados de xeito experimental en 2016 cun total de 10 centros e que aumentaron a un total de 30 en 2017 e con ampliación prevista para este ano.

Creación dos espazosMaker, coa dotación completa dos mellores espazosMaker do noso país, supoñendo espazos de creación e resolución de problemas de ciencia e tecnoloxía desde unha filosofía de 'faino ti mesmo'.

Convocatoria dos premios DesafíoSTEM, consistente en 6 premios de 2.000€ cada un a proxectos de programación, robótica e impresión 3D.

En canto á formación do profesorado, desde xaneiro de 2017 realizáronse un total de 262 actividades de formación en centros nas liñas de robótica, programación e impresión 3D, cun total de 2.535 docentes participantes en preto de 5000 horas de formación.

Tamén se realizaron 174 actividades de formación nos centros da rede de formación do profesorado (cursos, xornadas, encontros) na mesma temática, con máis de 3000 horas de formación e case 2.400 docentes participantes ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:25
Nº Rexistro: 34565
Data envío: 10/08/2018 13:25:48.524

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:25:44



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29563**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Pérez Chao, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de aprobar unha Lei de regularización da profesión e dos profesionais de Educación Social, as súas previsións respecto da integración deses profesionais no ensino obrigatorio de primaria e secundaria, así como no infantil e a necesidade de establecer un convenio coas ANPAS en relación coa introdución de contidos específicos”**, (publicada no BOPG número 297 do 26 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POP 29564 no Pleno do día 9 de maio de 2018, e pódese consultar no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-05-09?part=ff91626e-1b8a-4db7-9727-e55ee45b8e31&start=7065>

Engadir que o colectivo de educadores sociais ten o seu ámbito de traballo no mundo das políticas sociais e de benestar, sendo empregados dos servizos autonómicos e os locais.

Aínda así, hai que lembrar que os educadores sociais poden acceder aos corpos docentes de Secundaria e a todos aqueles nos que se demande a titulación de grao, a través da realización do mestrado de Secundaria, ao igual que acontece con outros profesionais como psicólogos, pedagogos, psicopedagogos e calquera outra titulación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 93748544-c150-70a0-3160-3e7e1ef091f6

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34350
Data envío: 06/08/2018 14:36:29.010

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:36:25



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30148**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Quiroga Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non ampliar o prazo de presentación de alegacións en relación coa tramitación do expediente para declarar a Ribeira Sacra como ben de interese cultural, coa categoría de paisaxe cultural”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POP 30149 na sesión plenaria do 22-23.5.2018, á que nos remitimos, pode consultarse no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-05-23?part=b5ff742b-47b9-4515-9ca0-54dbb20f8c5f&start=7745>

Pola información que consta na propia dirección xeral, nunca houbo un expediente na dun BIC que estivera tantos meses aberto a exposición pública.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural incoou como BIC coa categoría de paisaxe cultural a Ribeira Sacra por resolución publicada:

- No DOG, número 246, do 29 de decembro de 2017.
- No BOE número 35, do 8 de febreiro de 2018

A pesar de que a Lei establece un prazo dun mes para esta tramitación, abriuse un prazo de 3 meses.

Destacar tamén, que se levaron previamente 20 xuntanzas con administracións e interesados de todo tipo, sen precedente en ningún expediente de declaración anterior.

Algunhas destas xuntanzas foron realizadas con carácter previo ao inicio do expediente para a conxugación da protección do legado patrimonial coa actividade económica e a realidade social da zona.

Asemade, en todo ese tempo, o persoal da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural estivo atendendo consultas e a toda petición de información dirixida directamente aos servizos técnicos implicados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:22
Nº Rexistro: 34538
Data envío: 10/08/2018 13:22:09.036

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:22:05



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31068**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da anunciada desaparición do programa Diario Cultural na Radio Galega e as actuacións previstas para evitala”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POC 30781 na comisión 4ª do 7.6.2018, á que nos remitimos, pode consultarse no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-06-07?part=ab09ebf5-64cb-4273-8aa7-a6bd39075b32&start=6958>

A CRTVG é unha entidade con personalidade xurídica propia, autónoma na súa xestión e independente no seu funcionamento respecto da Xunta de Galicia, como así o establecen a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e o Mandato Marco, aprobados ambos polo Parlamento galego.

Saliéntase tamén que o 31 de maio, o director xeral da CRTVG respostou oralmente a esta cuestión na súa comparecencia mensual ante a Comisión de Control á CRTVG.

Con respecto á información pública sobre os cambios na programación da Radio Galega no eido cultural:

CVE-PREPAR: 60bb1286-0c18-59e3-0da7-343321697fc4

1- Unha reestruturación do 'Diario Cultural', que pasa a ter 4 edicións diarias e en horarios de máis audiencia. Isto supón pasar de 50 minutos a 100 ao día de 'Diario Cultural' en catro bloques diarios.

2 - A creación de 3 edicións en directo do 'Diario Cultural' na fin de semana, que non existen ata o de agora.

3 - A creación dunha canle dixital na que se engadan os contidos do 'Diario Cultural'.

4 - A permanencia do equipo actual e reforzalo con máis persoal.

A proposta da Radio Galega non é máis que un novo cambio de formato, ampliado en duración diaria e en retransmisións, amparado por un estudo previo e pormenorizado da propia grella da Radio galega, das tendencias das audiencias e das novas formas de comportamento e consumo de radio dos oíntes, recollidos en múltiples informes.

Polo tanto, a nova estrutura do 'Diario Cultural' está pensada dentro da nova programación para que chegue a moita máis xente da que chega no seu formato anterior, ampliando o acceso á información cultural de moitos máis oíntes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:21
Nº Rexistro: 34535
Data envío: 10/08/2018 13:21:17.316

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:21:13



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **31397**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da asunción da xestión do Conservatorio Profesional de Música de Lalín”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POC 16708 na comisión 4ª do 11.10.2017, á que nos remitimos, e pode consultarse no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2017-10-11>

Existe unha cobertura lóxica por parte da Xunta de Galicia das ensinanzas de grao profesional de música adaptada á demanda existente, independentemente de que os concellos, de maneira libre, queiran ofrecer este tipo de servizos de titularidade municipal (calquera escola, centro formativo ou actividade extraescolar deportiva, artística...), pero sempre asumindo a capacidade propia e os custes que iso pode ter no momento do seu establecemento, independentemente das axudas e subvencións que poda recibir doutras administracións en momentos determinados.

Existen moitas destas actividades en Galicia de titularidade municipal en case todos os concellos, ou tamén como iniciativas privadas que todos temos constancia, pero é evidente e lóxico que resultaría imposible que a Xunta de Galicia asumise ou financiase ao 100% todas as academias, centros de formación extraescolar, escolas deportivas...que existen na nosa

comunidade. Non existe ningún precedente en Galicia de intencionalidade de asunción por ningún goberno autonómico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 8cfd2253-a7c7-4cc7-3a28-83a31cdc3973

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34344
Data envío: 06/08/2018 14:35:30.946

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:35:27



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31504**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información e a opinión da Xunta de Galicia referida á existencia de dificultades para a realización no ano 2018 do Festival de Cinema Internacional de Ourense, o mantemento dalgún contacto co Concello para procurar e aportar algunha solución para a súa celebración e o seu mantemento, así como as súas previsións respecto do incremento das achegas económicas realizadas nos últimos anos para ese fin”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á PUP 32265 na sesión plenaria do 19-20.6.2018, á que nos remitimos, e pode consultarse no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-06-20?part=f43a330e-f585-4617-a86b-2df9323f6450&start=5101>

A entrada en vigor da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, fai que todas as administracións teñan que adaptarse nas súas contratacións, e isto é o que está a facer o Concello de Ourense apropiadamente.

A Consellería de Cultura e Educación, a través de AGADIC e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, colaborou en pasadas edicións, e ten comprometidas achegas para a realización do Festival de Cinema Internacional de Ourense (OUFF) en 2018, por considerar esta cita cinematográfica como un evento de referencia no mapa galego de festivais audiovisuais.

CVE-PREPAR: 35f10d20-72b9-fa74-25c3-6f0530dda4b9

Unha vez que se adapte á normativa de contratación, o Concello de Ourense vai contar de novo coa colaboración da Xunta de Galicia para viabilizar e darlle relevancia ao OUFF, respectando os tempos e os procedementos dunha administración autónoma e independente como a local”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:20
Nº Rexistro: 34531
Data envío: 10/08/2018 13:20:31.878

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:20:28



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 31807, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida ao tratamento que está a recibir a cultura galega na programación da CRTVG e o cumprimento do disposto na materia na Lei 9/2011, de medios audiovisuais públicos de Galicia, así como súas previsións ao respecto, nomeadamente, no referido ao asinamento dos Contratos programa e a creación da Autoridade Audiovisual”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“A CRTVG é unha entidade con personalidade xurídica propia, autónoma na súa xestión e independente no seu funcionamento respecto da Xunta de Galicia, como así o establecen a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e o Mandato Marco, aprobados ambos polo Parlamento galego.

Saliéntase tamén que o 31 de maio, o director xeral da CRTVG respostou oralmente a esta cuestión na súa comparecencia mensual ante a Comisión de Control á CRTVG.

Con respecto á información pública sobre os cambios na programación da Radio Galega e do seu programa ‘Diario Cultural’:

- 1- Unha reestruturación do ‘Diario Cultural’, que pasa a ter 4 edicións diarias e en horarios de máis audiencia. Isto supón pasar de 50 minutos a 100 ao día de ‘Diario Cultural’ en catro bloques diarios.
- 2 - A creación de 3 edicións en directo do ‘Diario Cultural’ na fin de semana, que non existen ata o de agora.
- 3 - A creación dunha canle dixital na que se engadan os contidos do ‘Diario Cultural’.
- 4 - A permanencia do equipo actual e reforzalo con máis persoal.

A proposta da Radio Galega non é máis que un novo cambio de formato, ampliado en duración diaria e en retransmisións, amparado por un estudo previo e pormenorizado da propia grella da Radio galega, das tendencias das audiencias e das novas formas de comportamento e consumo de radio dos oíntes, recollidos en múltiples informes, e así quedou clarificado tras a comparecencia do director xeral da CRTVG citada anteriormente.

Atendendo ao establecido legalmente, a Xunta de Galicia non se debe pronunciar ao respecto de calquera cuestión ou aspecto relacionados co labor dos seus directivos e profesionais.

A Secretaría Xeral de Medios engade que a a Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia recolle unha serie de actuacións que se tiñan que acometer nun tempo determinado, a complexidade dalgunhas delas, así como o seu custo -como é o caso concreto do proxecto de lei da Autoridade audiovisual de Galicia- dificultaban daquela a súa posta en marcha.

Nestes momentos, é propósito da Xunta de Galicia impulsar o proxecto de Lei da Autoridade audiovisual. Sendo conscientes de que a súa creación conleva unha certa complexidade, é preciso, antes de poñer en marcha un proxecto destas características, definir eficazmente os obxectivos e a estrutura desa futura entidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 13:19
Nº Rexistro: 34525
Data envío: 10/08/2018 13:19:44.158

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/08/2018 13:19:40



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31902**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Teresa Egerique Mosquera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da construción do novo espazo denominado Domingo Fontán no complexo da Cidade da Cultura, así como os beneficios que vai aportar para a comunidade universitaria e a sociedade galega”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POP 31903 e a POP 32242 na sesión plenaria do 10-11.7.2018, á que nos remitimos, e pode consultarse no seguinte enlace web:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?
part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=12038](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=12038)

O novo edificio, que levará o nome do matemático e xeógrafo galego Domingo Fontán, acollerá tres entes vinculados co SUG, dous deles de nova creación.

Permitirá avanzar na integración do Sistema Universitario de Galicia (SUG), ao reforzar a cooperación interuniversitaria e a investigación máis excelente.

Por un lado, situará o Consorcio Interuniversitario de Sistema Universitario de Galicia (CISUG): entidade de nova creación que impulsa a colaboración entre as tres universidades galegas en materia organizativa, económica, técnica e administrativa

Por outro, albergará o Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais (CEIPAC), un novo centro de investigación, o primeiro do SUG vinculado ás Ciencias Sociais e que afondará en todo o que rodea ao Camiño de Santiago.

Por último, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG): entidade xa existente situarase neste complexo, coa súa función de accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.

En cumprimento dun acordo parlamentario de marzo de 2013, e tras a paralización da construción do Teatro da Ópera no complexo do Gaiás, este centro ocupará o espazo baleiro do mesmo.

Falamos dunha infraestrutura consensuada coas tres universidades e apoiada polos tres reitorados, que integrará servizos dos que se beneficiarán todos os campus da nosa comunidade.

Os tres organismos universitarios galegos achegarán ao Edificio Fontán arredor de 140 traballadores, que a día de hoxe xa están desenvolvendo o seu labor no Sistema Universitario de Galicia: 19 corresponderán ao Consorcio Interuniversitario, 17 á Axencia para a Calidade e 100 investigadores formarán parte do Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34342
Data envío: 06/08/2018 14:35:14.696

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:35:11



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32241**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o anuncio de construción do novo edificio Domingo Fontán na Cidade da Cultura destinado ao acollemento do Consorcio Interuniversitario de Galicia e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, así como dun futuro Centro Europeo de Investigación de Paisaxes Culturais”**, (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POP 31903 e a POP 32242 na sesión plenaria do 10-11.7.2018, á que nos remitimos,e pode consultarse no seguinte enlace web:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=12038>

O novo edificio, que levará o nome do matemático e xeógrafo galego Domingo Fontán, acollerá tres entes vinculados co SUG, dous deles de nova creación.

Permitirá avanzar na integración do Sistema Universitario de Galicia (SUG), ao reforzar a cooperación interuniversitaria e a investigación máis excelente.

Por un lado, situará o Consorcio Interuniversitario de Sistema Universitario de Galicia (CISUG): entidade de nova creación que impulsa a colaboración entre as tres universidades galegas en materia organizativa, económica, técnica e administrativa

Por outro, albergará o Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais (CEIPAC), un novo centro de investigación, o primeiro do SUG vinculado ás Ciencias Sociais e que afondará en todo o que rodea ao Camiño de Santiago.

Por último, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG): entidade xa existente situarase neste complexo, coa súa función de accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.

En cumprimento dun acordo parlamentario de marzo de 2013, e tras a paralización da construción do Teatro da Ópera no complexo do Gaiás, este centro ocupará o espazo baleiro do mesmo.

Falamos dunha infraestrutura consensuada coas tres universidades e apoiada polos tres reitorados, que integrará servizos dos que se beneficiarán todos os campus da nosa comunidade.

Os tres organismos universitarios galegos achegarán ao Edificio Fontán arredor de 140 traballadores, que a día de hoxe xa están desenvolvendo o seu labor no Sistema Universitario de Galicia: 19 corresponderán ao Consorcio Interuniversitario, 17 á Axencia para a Calidade e 100 investigadores formarán parte do Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34341
Data envío: 06/08/2018 14:35:07.368

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:34:52



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32639**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Pérez Chao, sobre **“as razóns do baixo nivel de desenvolvemento que presenta a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, as actuacións previstas polo Goberno para ese fin e as levadas a cabo para divulgar esa Lei, así como a realidade LGTBI nomeadamente entre as ANPAS e os protocolos educativos activados desde o ano 2015”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á POC 30201 na comisión 4ª do 3.7.2018, e pódese consultar no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2018-07-03?part=145648d5-ccfb-426f-a035-29ef6f1ff6c2&start=2860>

Ao mesmo tempo, esta cuestión foi debatida na resposta á POP 32640, na sesión plenaria do 11.7.18, á que tamén nos remitimos.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=7028>

Recalcar que Galicia foi a primeira comunidade autónoma en elaborar e aprobar unha lei exclusiva contra a discriminación do colectivo LGTBI no ano 2014. Un gran avance nas políticas de aceptación da realidade, da non discriminación e da asunción da diversidade social dunha maneira natural que foi aplaudida por todos os sectores da sociedade, e que se está a aplicar a través de varias medidas no sistema educativo de maneira directa e tamén de forma transversal.

Así quedou exposto tanto nas dúas respostas citadas, como no recente informe de cumprimento da Lei, presentado ao Parlamento pola Secretaría Xeral de Igualdade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 09:30
Nº Rexistro: 34340
Data envío: 06/08/2018 14:34:39.414

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/08/2018 14:34:19



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 23981** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado actual de tramitación do expediente e as previsións respecto da execución do proxecto do parque eólico de Oleirón, nos concellos de Rois e Brion, na provincia da Coruña”**, (publicada no BOPG número 251 do 1 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

